



NOTA INFORMATIVA – CALIDADE DO AIRE

O modelo Chimere de calidade do aire específico para concellos predicía onte (19-05-2016), para o día de hoxe (20-05-2016), mala calidade do aire en seis concellos: CORUÑA (A), BUEU, CANGAS, MOAÑA, BAIONA, VIGO. Esta predición, que é unha saída automática do modelo de predición, non coincidía ca predición do modelo rexional.

O Índice de Calidad del Aire (ICA) é un parámetro que clasifica a calidade do aire en función do contaminante que presenta o valor relativo máis elevado con respecto ós valores límite establecidos pola lexislación. É dicir, reflicte a situación do contaminante máis próximo ó valor límite. Cando este valor procede das estacións de medida de contaminantes no aire ambiente estamos valorando a calidade real do aire actual (ICA actual), e cando este valor procede de saídas do modelo de predición falamos de predición da calidade do aire.

En consecuencia, unha predición é unha aproximación matemática á realidade que se prevé, e non unha medida real, e, neste caso, a predición non resultou correcta xa que os valores dos contaminantes que se están a medir actualmente nas estacións de calidade do aire de A Coruña e Vigo así como no resto da Rede de Calidade do Aire de Galicia, están todos por debaixo dos valores límite lexislados.